

# CASI 40

[David Trueba, 2018]

# 403

ESTREA EN NUMAX: 29.06.2018 | V.O. | +7

*Casi 40* (2018, 87')

**Dirección:** David Trueba

**Guión:** David Trueba

**Elenco:** Lucía Jiménez, Fernando Ramallo, Carolina África, Vito Sanz

**Son:** Salomé Limón, Jesús Llata, David Rodríguez

**Montaxe:** Marta Velasco

**Fotografía:** Marta Velasco

**Música:** Michel Legrand

**Produtoras:** Buena vida producciones, Perdidos G.C. (España)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Español

## FILMOGRAFÍA

*Vivir es fácil con los ojos cerrados*, 2013

*¿Qué fue de Jorge Sanz?*, 2010 [TV]

*Bienvenido a casa*, 2006

*Soldados de Salamina*, 2003

*Obra maestra*, 2000

*La buena vida*, 1996

## PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2018 (Premio especial do Xurado)

## SINOPSE

Unha modesta xira de concertos volve reunir a dous amigos de xuventude. Ela, cantante de éxito, xa retirada da escena. El, que sobrevive como vendedor de produtos cosméticos, pretende relanzar a carreira musical de quen foi o seu amor de adolescencia. Trueba tráenos está road movie chea de cancións e un humor particular. Unha luminosa viaxe en furgoneta pola España interior, acompañando a dous vellos amigos que se debaten entre os seus desexos, ambicións e expectativas frustradas.

«Xeracional, melancólica e fermosa»

Agustín Rivera, EL CONFIDENCIAL



## “O paso do tempo é o grande asunto da ficción”

Entrevista con David Trueba

**Onde nace este proxecto?** É complicado explicar a orixe deste filme. En 1996 busquei a dous actores mozos e non profesionais para os papeis protagonistas do meu primeiro filme como director, *La buena vida*. Atopei a Lucía Jiménez e Fernando Ramallo, daquela estudantes no instituto. Lucía cantaba nun grupo e Fernando debuxaba moi ben. Desde entón, hai xa máis de 20 anos, non volveramos traballar xuntos. Reunilos para rodar *Casi 40* foi por tanto un reencontro que funcionaba case como unha trama paralela á do filme. O guión fala do primeiro amor, do que significa o primeiro amor.

**Como foi ese reencontro con Lucía e Fernando?** Atopeimos máis maduros, pero cheos de ganas de traballar. Cando os coñecín non eran actores, agora son actores con vinte anos de experiencia profesional ás súas costas. Son moi distintos e a vida levounos por diferentes lugares. Pero desde tempo atrás quería reunilos de novo e prolongar algunhas ideas que estaban evocadas na miña última novela, *Tierra de campos*. Ao reencontralos no momento en que están a piques de cumprir 40 anos, a miña intención era relatar un treito de vida

que algúns definen como o segundo acto. Non sei se as peripecias humanas poden someterse ás estruturas do teatro clásico, pero para min o paso do tempo é o grande asunto da ficción. E este filme pretende contar iso, como o tempo trata as persoas, no seu caso, a quen viviu de maneira distinta un inesquecible amor de adolescencia.

**Formulaches un diálogo co teu primeiro filme, *La buena vida*?** Nunca o pensamos así. Non a volví ver desde que a estreei en 1996, así que non a teño moi presente. O que pretendíamos era falar de algo difícil de retratar no cinema. Como a experiencia da vida, o avanzar profesional e persoal te obriga a enfrentarte coas ilusións e vocacións da adolescencia. É inevitábel enfrontarse ao recordo e tamén saír tocado del, porque non hai ninguén, como di Lucía nas súas cancións, que fose quen de cumprir todas as súas promesas.

**A música parece un motivo principal da película. Até que punto a narración se estrutura arredor das cancións que interpreta Lucía?** *Casi 40* é un filme que ten unha estrutura de musical, onde as cancións neste caso completan a visión do pasado, son algúns dos grandes éxitos de Lucía un tempo atrás, cando tiña un grupo de certo nome. Ela pasou de triunfadora no mundo da música a alguén que abandonou esa vocación xuvenil. Ao seu carón, o personaxe masculino que interpreta Fernando Ramallo trata de rescatar outra ilusión igual de absorbente nos tempos da xuventude: o amor. Que foi do primeiro amor ou como

confesa o protagonista nunha escena do filme: acaso o primeiro amor sexa como unha figura familiar, como o pai e a nai, que se mantén sempre vivo e firme na lembranza.

### **Daquela as cancións elixidas son tamén unha visión do paso do tempo?**

Claro, as cancións compóñense nun intre determinado e aínda que se escoiten moito tempo despois seguen a falar de que as compuxo naquel lonxano día. Por iso quería que fosen distintas, doutra cor emocional. Para iso empregamos tres cancións que me gustan moito, *Miedo* de Jorge Marazu, *Despertarme contigo* de Rebeca Jiménez e *Todo me recuerda a ti* de Señor Mostaza. Forman entre elas unha carreira ficticia daquela cantante que foi a Lucía que mostra o filme.

### **Pese a un certo aire de desencanto, o filme contén momentos de humor. Como o definirías?**

*Casi 40* avanza como un martelo polas intimididades dos protagonistas e o desencanto é probablemente o dunha xeración, os que agora fan corenta, que viron como en España esfarelaron os seus ideais de vida e profesión. Na autonomía das persoas, nos seus desencontros cronolóxicos, en lembrar cada cal os intres estelares da súa vida dunha maneira particular está a clave da historia e os personaxes. A viaxe, neste filme, volve ser viaxe interior máis ca xeográfica, como xa acontecía en *Vivir es fácil con los ojos cerrados* (2013).

Publicado en [avalon.me](http://avalon.me)  
 Tradución: Xan Gómez Viñas

#### NA LIBRARÍA NUMAX

- Tierra de campos*, David Trueba**  
Anagrama, 2017
- Abierto toda la noche*, David Trueba**  
Anagrama, 2006
- Blitz*, David Trueba**. Anagrama, 2015
- La tiranía sin tiranos*, David Trueba**  
Anagrama, 2018
- Saber perder*, David Trueba**. Anagrama, 2015

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
 Concepción Arenal, 9 baixo  
 15702 Santiago de Compostela  
 TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

**Abónate e ven sempre por 4,5€**

**Faite NUMAX!**